

Visibilizar, articular, fortalecer, Portugal/Lusofonia

Carlos Pazos-Justo
Presidente da AIEG

O título destas breves palavras de abertura constituíam o lema da candidatura que formulámos em julho de 2022, depois exposta e aprovada por unanimidade no congresso de setembro da Universidade de Varsóvia. Com este lema presente, a atual Junta Diretiva tem tentado revitalizar a nossa Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG); este boletim supõe, neste sentido, a materialização dum dos compromissos adquiridos junto das pessoas associadas na última assembleia e que, por outra parte, é referido nos Estatutos da própria AIEG. O webminário acerca dos Estudos Galegos no Exterior, em foco mais à frente, celebrado em julho passado, foi também uma das nossas propostas que esperamos tenha percorrido.



Outras iniciativas em curso aguardamos se materializem em breve. Refiro-me especialmente ao lançamento do Premio Internacional de Estudos Galegos, sobre o que apontamos algumas notas nestas páginas e que poderá ser, assim o desejamos, uma proposta associativa que contribua, na medida do possível, para visibilizar a AIEG e, sobretudo, os/as investigadores/as que polo mundo fora trabalham nos/polos Estudos Galegos.

O grande momento da vida da nossa associação terá lugar, como é sabido, com a celebração do XIV Congresso da AIEG na Universidade do Minho, com as comemorações dos 50 anos do 25 de Abril como pano de fundo. Entre o 17 e o 20 de abril, em Braga e Guimarães, sob o título Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonia, pretendemos que o nosso congresso seja um espaço de diálogo e encontro académico-científico, também aberto à reflexão acerca da relação entre a Galiza e os estudos galegos

com o que se tem denominado de Lusofonia. Espero, esperamos, (re)ver-nos lá.

Por último, não posso deixar de destacar o quão importante é o papel do conjunto das pessoas associadas que fazem com a AIEG tenha, desde 1985 (veja-se nestas páginas a entrevista à Professora Kathleen March!), existência real no mundo académico. Já num âmbito mais imediato, tenho de mencionar as entidades várias que têm colaborado connosco e, particularmente, os/as colegas dos Centros de Estudos Galegos de Portugal que cedo alinharam nesta empreitada – María Jesús Botana Vilar, Alberto Paz-Félix, Ana Tarrío, Antón Rodríguez e Claudia Mariño; também, naturalmente, as colegas que trabalham noutras latitudes – María Xesús Lama, María Alonso e Ana Garrido – e enriquecem a nossa Junta Diretiva. Na medida das suas possibilidades, todos/as têm desenvolvido um fértil trabalho em equipa que, acredito, dará bons frutos associativos, académicos e até pessoais. •

XIII Congreso Internacional da AIEG



María Alonso Alonso
Universidade de Santiago de Compostela

Tal como indicaba o seu lema, o XIII Congreso Internacional da AIEG, celebrado do 21 ao 24 de setembro de 2022, converteu Varsovia no cruce de camiños no que se atoparon as novas perspectivas e interseccións dos Estudos Galegos. Co congreso da AIEG demostrouse que Varsovia, que conta xa cunha longa traxectoria na difusión do galego no mundo e cun importante número de investigadores que traballa coa lingua e a literatura galega dende a Universidade de Varsovia, soubo ser un espazo idóneo para pensar desde perspectivas novas, a pesar de non contar coa base de emigración galega presente noutros países europeos ou precisamente por tal motivo.

As sesións académicas do congreso desenvolveróñse na Facultade de Linguas Modernas da Universidade de Varsovia, onde se encontra o Centro de Estudos Galegos desta institución. Alén das modernas instalacións da Facultade de Linguas Modernas, outra das sedes do congreso foi o Instituto Cervantes de Varsovia, que por

estar no centro neuráxico da cidade, pola súa longa tradición, e as grandes dimensións tanto da súa sala de exposición como do seu auditorio, foi o lugar ideal para albergar a exposición Galicia imaxinada nas revistas da emigración (amablemente cedida polo Consello da Cultura Galega) e o concerto de SÉS que tiveron lugar o 21 de setembro e que se relacionaban coas sesións sobre lingua e emigración ou literatura e emigración.

No congreso presentáronse máis de 60 relatorios individuais e 6 paneis temáticos, coa participación de investigadoras e investigadores de recoñecido prestixio, así como doutorandos e doutorandas que abriron debates arredor da literatura, lingua, lingüística, cinema e cultura galegas. Finalmente, as persoas participantes no congreso puideron desfrutar dunha magnífica cea de gala no reitorado da Universidade de Varsovia onde a directiva saínte deu a benvida á directiva entrante. •

OS ESTUDOS GALEGOS NO EXTERIOR

PROPOSTAS E DEBATE PARA UN DIAGNÓSTICO





María Jesús Botana Vilar
Vicepresidenta da AIEG

No día 14 de xullo de 2023 celebrouse un webinar co título *Os estudos galegos no exterior. Propostas e debate para un diagnóstico*. Foi presentado e moderado por Daniel Palau (diretor IGADI) e tivo como intervintes a equipa que lidera esta pesquisa, Carlos Pazos-Justo (coordinación), Attilio Castellucci, Takeshi Kakihara e quen abaixo asina. No evento participaron á volta de medio centenar de colegas, procedentes maioritariamente dos CEG e Cátedras de Lingua e Literatura Galegas, así como representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e do Consello da Cultura Galega.

Este proxecto que presentamos forma parte das liñas programáticas da actual dirección da AIEG e ten a súa orixe nos tres Centros de Estudos Galegos de Portugal, concretamente no curso 2021-2022 en que puxemos a andar unha pesquisa sobre a imaxe de Galiza e dos galegos entre os alumnos dos CEG de Minho, Lisboa e Faro, e cuxos resultados foron presentados no

XIII Congreso da AIEG en Varsovia. A partir deses primeiros resultados vimos que non só era necesario facermos extensíbel esta pesquisa a docentes e investigadores/as vinculados/as aos Estudos Galegos en institucións de ensino superior no exterior, senón tamén convidarnos a outros colegas a participar neste desafío.

No evento mostráronse os primeiros resultados da enquisa e, ao mesmo tempo, procurouse incentivar un debate analítico sobre a situación dos estudos galegos fóra de Galiza. Ora ben, será no ámbito do *XIV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos: Horizonte dos Estudos Galegos e na Lusofonía* (17 a 20 de abril de 2024, Universidade do Minho) onde se presentarán os resultados definitivos deste estudo. No horizonte, por tanto, camiño aberto para incentivarmos o debate, fomentarmos a visibilización dos estudos galegos no exterior e para tecermos redes que sexan eco de todas as voces. •



Kathleen March, unha pioneira fiel a Galiza

Kathleen March é catedrática emérita da Universidade de Maine, onde organizou o primeiro congreso de Estudos Galegos no exterior. É autora do libro *De musa a literata. El feminismo na obra de Rosalía de Castro* (1991) e de moitos artigos sobre literatura galega. Incansable tradutora dos escritores galegos ao inglés, editou *An Anthology of Contemporary Galician Women Poets* (1988) e *An Anthology of Galician Short Stories. Así vai o conto* (1991). É académica de honra da RAG.

BAIEG: Como xurdiu o primeiro congreso de Maine e quen participou nesa xuntanza inicial de 1985?

KM: Eu participara no congreso Rosalía de Castro de 1985 en Galicia e, co entusiasmo de comprobar o interese pola escritora en tanta xente de diferente procedencia, volví a Maine para iniciar o curso decidida a localizar aos interesados nos estudos galegos na academia americana e facer un encontro. Foi o primeiro Congreso de Estudos Galegos de Maine (novembro-1985). Era un evento modesto. Eu chegara o curso anterior a Maine, en setembro de 1984, despois de tres anos na Universidade de Ohio, e non tiña ningunha axuda para organizar algo así: fixen eu todo o traballo de organización, comezando por procurar os nomes de académicos galegófílos buscando nas revistas publicación sobre algún tema galego, nas universidades da costa leste sobre todo, pero tamén en Otawa, California...

BAIEG: Cantas persoas participaron nese primeiro encontro?

KM: Chegaron a Orono para participar entre vinte e vinte e cinco persoas, voando ata o aeroporto de Bangor, que era un traxecto moi difícil e caro. Hai que ter en conta tamén que a xente tiña que convencer á súas universidades de que existía un campo de traballo chamado *Galician Studies*, e viñan pagando do seu peto. Presentáronse traballos en inglés, castelán e galego. O portugués tamén se aceptaba, pero non houbo ninguén.

BAIEG: Saíron actas dese primeiro encontro en Maine? Conservas programa ou algún material dese congreso? Principais logros na túa opinión.

KM: Publicáronse actas na imprenta da Universidade de Maine en 1987. Tamén foi froito do meu traballo en solitario e con todas as dificultades daqueles tempos en que inda non existían os ordenadores, con textos mecanografiados e nunhas condición moi básicas. Pero publicáronse co título *Proceedings of the first Galician Conference*.

Creo que o logro principal foi o entusiasmo que espertou nos participantes e as ganas de dar continuidade a aquela experiencia, que deu lugar á fundación da Asociación de Estudos Galegos (AEG). A participación habitual da North-American Catalan Society (NACS) nos congresos de Lingua e literatura nos EUA, e celebrando os seus congresos propios desde 1978, xa mostraba un camiño que compría iniciar tamén para os estudos galegos.

BAIEG: Foi entón cando se decidiu facer congresos cada tres anos?

KM: Si, e Antonio Carreño ofreceuse moi decididamente, con todas as posibilidades da Universidade de Brown, onde el tiña a súa praza. É unha universidade privada de moita calidade cunhas condición excelentes. Ademais está situada nunha zona con moita poboación de orixe portuguesa e tamén bastantes galegos. Daquela decidiuse crear á Asociación de Estudos Galegos e foi Carreño quen propuxo que eu debía ser a 1ª presidenta.

BAIEG: Cal era a situación dos estudos galegos vistos desde EEUU naqueles anos? Quen eran os académicos vencellados a eles naquel momento en EEUU?

KM: Pois a pesar do traballo dalgúns galegos exiliados, non había ningún galicianista propiamente porque o seu traballo estaba nos estudos

hispánicos ou nos portugueses. Eu cando ía a congresos de literatura moitas veces escolliá algún tema galego, *Néveda* de Francisca Herrera, Mª Xosé Queizán... Nos programas vía que había estudos cataláns, entón por que non de Galicia. Naquel momento moitos dicían: “non existen os estudos galegos”.

Cando empezaron as xuntanzas empezamos a pensar como definilos. Discutíase se podían entrar tamén Pardo Bazán e Valle; que linguas se terían en conta: se atenderían só á literatura ou tamén ao estudo da lingua, ou mesmo a historia ou a antropoloxía. Cal debía ser a relación coas universidades galegas, etc.

Xa desde o congreso sobre Rosalía no 1985 esta autora era a base do interese por Galicia para os que o vían desde fora. Despois foron entrando Cunqueiro, Otero... Pero no congreso sobre Rosalía moitas feministas xa empezaran a atender tamén ás obras doutras mulleres.

BAIEG: Como lembras o congreso de Brown en 1988?


KM: Carreño fixo un congreso excelente, xa con moita máis participación e máis sofisticación. Incorporáronse outros galicianistas da súa xeración, como Cesar Oro, que estaba na Howard University de Washington D. C., moi familiarizado cos tema da diversidade porque é unha universidade tradicionalmente para estudantes negros. E outros moitos das primeiras xeracións. Non sei se Carreño daquela conseguiu algunha axuda económica de Galicia, pero tiña moi boas condicións en Brown, con varios estudantes graduados que lle axudaban, como Diana Conchado. Aí foi onde se decidiu cambiar a denominación da AEG introducindo a palabra “internacional”, pasou a ser AIEG.

Antonio Carreño era especialista en Século de Ouro, pero tiña unha gran lealdade á súa patria orixinaria de Ourense e foi moi importante para a historia da Asociación, para darlle a dimensión definitiva que precisaba e visibilizar os estudos galegos. El foi o presidente desde 1988 a 1991, ata a celebración do congreso de Nova York, onde se presentaron as actas do congreso de Brown.

BAIEG: A maior parte dos socios que nos incorporamos desde Galicia creo que tivemos noticias da AIEG a raíz da difusión que fixo Xan González-Millán para o congreso do 1991. Que significou ese terceiro congreso?

KM: Xan González-Millán estivo presente xa no congreso de 1985 e tamén en Brown. Era daquela un investigador novo e tiña máis contactos con Galicia, por iso tal vez tiña outra idea do que podía ser a asociación. En Nova York por primeira vez fíxose visible ese contacto directo con Galicia. Asistiron moitos investigadores do Instituto da Lingua Galega e tivo unha presenza importante a lingua. A partir de aí iniciouse de verdade a internacionalización e propúxose facer congresos fóra dos EEUU, e foi para Oxford. Ao final o salto a Europa supuxo a perda da asociación para Norteamérica, porque xa non volveu a haber ningún congreso alí.

Aquel protagonismo dos estudosos das universidades galegas xa era un mundo bastante alleo para min, pero eu o que quería era que non se perdese esa organización dos Galician Studies no entorno académico norteamericano. E de feito así foi, ata que Gabriel Rei Doval organizou o primeiro Simposio Norteamericano de Estudos Galegos en Milwaukee, pero xa en 2014. •





**Experiencias en
primeira pessoa**



Arantxa Fernández Crespo
Universidade da Habana

A Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana é parte de min. En 1992, sendo estudante de Filoloxía na Coruña souben da súa fundación e soñaba dar clases de galego en Cuba. En xaneiro de 2005 cheguei como lectora, a vivir a miña experiencia laboral máis importante, e persoal tamén. Tiña xa un enorme prestixio: intercambios de docentes e investigadores, congresos, liña editorial propia e até os honoris causa Torrente Ballester e Neira Vilas. O máis salientable do meu tempo, a 17 Feira Internacional do Libro da Habana (FILH 2008) dedicada a Galicia.

Foi un privilexio e a miña maduración profesional, tamén foi o ano en que casei. Fica por escribirse a crónica desta Feira, apoteose da cultura galega a arrasar a cidade toda. Marchei en 2009 logo da única convocatoria Celga. Un ano despois, a DXPL suspendeu o apoio económico e docente. Sóbeno por Neira Vilas.

Tras 5 anos traballando en Eslovaquia, instaleime definitivamente en Cuba para reabrir

en 2016 a Cátedra de Cultura Galega “Xosé Neira Vilas”. Non é a mesma, nin eu, nin o contexto tampouco. Asumo presidencia asemade docencia, investigación e difusión, pero aínda carecemos de orzamento estable. Devagar imos recuperando os convenios coas institucións galegas asemade reactivamos a colaboración coas cubanas. O colofón deste traballo ascendente foi a celebración do XXX aniversario, (2022) e en maio deste ano, a viaxe oficial da presidencia do CCG e a investidura da Dra. Pilar Cagiao Vila na Academia Cubana de Historia.

Os retos, consolidar a Cátedra como referente principal da cultura galega en Cuba e preservar a memoria común, o que pasa pola creación do Arquivo da emigración galega en Cuba. Os atrancos, as vías de financiamento, as complexidades administrativas e as políticas internacionais. As feblezas, a inestabilidade do alumnado, o acceso ás novas tecnoloxías e a crise do país. •



Malores Villanueva
Universidade de Barcelona

Ao rematar a carreira comecei como bolseira do Instituto da Lingua Galega e, ao pouco, ofrecéronme a posibilidade de ser a secretaria dos Cursos de galego para estranxeiros e para españois de fóra de Galicia. Daquela non sabía a magnitude da encomenda, descoñecía que o galego fose unha lingua de estudo en tantos puntos do mundo e, a partir de marzo, sorprendíame ao abrir as solicitudes de diferentes lectorados e de centros universitarios onde o galego ten presenza. Catro meses despois chegaban as persoas que durante xullo asistirían a unha inmersión total na nosa lingua e cultura, coa sorpresa de que gran parte delas xa a falaban con fluidez. Fun tan feliz escoitando o galego en tan diversos acentos, observando o seu interese, admirando a súa falta de prexuízos e os progresos diarios, que sempre sosteño que foi a experiencia profesional máis enriquecedora.

A forza que vén de lonxe séntese dende calquera cidade europea, tamén dende a outra beira do Atlántico e, incluso, dende o Xapón, a India ou Indonesia. Sen esquecer Salamanca, Madrid, Granada ou Barcelona, a onde cheguei en setembro de 2011, como lectora. Durante tres anos aprendín de Helena González, María Xesús Lama e de Sabela Labraña, á que botamos tanto a faltar. Elas capitaneaban con temón firme o estudo da lingua e a cultura galegas, creando unha rede de afectos, de complicidades e de coñecementos que transcendía con moito aquela universidade de recortes que me tocou vivir. Aprendín o valor de estar fóra mirando de esguello a Galicia, sen perdela nunca de vista, e despois de tres anos alí son eu a que non deixo de (ad)mirar a esoutra Galicia que vive alén da súa xeografía. •



I PREMIO INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

Asociación Internacional de Estudos Galegos

Candidaturas: 1/01/2024-01/03/2024

Bases e máis informacións: <https://cehum.elach.uminho.pt/premioestudosgalegos>

Co obxectivo de ampliar os traballos da nosa Asociación e, principalmente, apoiar a investigación que se vén realizando polo mundo fóra no noso ámbito de estudos, lanzamos o I Premio Internacional de Estudos Galegos.

Contando co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a AIEG convida todos/as os/as investigadores/as que desenvolven o seu traballo en universidades de fóra da Galiza a presentar os seus traballos (teses de mestrado, de doutoramento ou outros traballos académicos) realizados durante os últimos tres anos a candidataréense.

O Premio, nesta primeira edición, terá unha dotación económica de dous mil euros e ofrecerá a posibilidade de publicar o traballo en formato electrónico. O xurado poderá atribuír mencións de honra, até un máximo de tres.

Envío de candidaturas: estudosgalegos@gmail.com
(Indicando no asunto "Premio Estudos Galegos")

Concesión do premio: 17-20 de abril de 2024 no ámbito do XIV Congreso Internacional de Estudos Galegos.

Organiza



Apoia



SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA



XIV Congreso Internacional da Asociación Internacional de
Estudos Galegos

Braga/Guimarães, Universidade do Minho | 17–20 de abril de 2024

Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonia

Foto de Turismo de Galicia

XIV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG). Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonía.

Os/as socios/as da AIEG así como académicos/as interesados/as, en xeral, temos unha nova cita no abril próximo na Universidade do Minho (17-20 de abril, Braga/Guimarães).

Baixo o título Horizontes dos Estudos Galegos e/na Lusofonía, o XIV Congreso da AIEG pretende, máis unha vez, reunir os/as galicianistas e promover a reflexión e o diálogo en base a dous grandes eixos temáticos: (i) ámbito xeral de Estudos Galegos: lingüístico, literario, histórico, económico, antropolóxico, filosófico, sociolóxico, artístico etc.; e (ii) Estudos galegos e/na Lusofonía.

Esta nova edición do noso congreso, ademais dun amplo consello científico, contará cunha comisión de honra formada por colegas que lideraron a AIEG e tamén por dous profesores de universidades portuguesas.

Na comisión organizadora estamos a traballar para que o XIV Congreso contribúa para fortalecer a AIEG e, naturalmente, sexa un espazo de (re) encontro e convivio académico.

Máis información: https://cehum.elach.uminho.pt/xiv_ciaieg

Correo electrónico do Congreso: XIVcongresso-AIEG@elach.uminho.pt

ISSN ~~xxxx-xxxx~~

Unha publicación da Asociación Internacional de Estudos Galegos

Coordenación: Carlos Pazos-Justo, María Jesús Botana Vilar e María Xesús Lama

Maquetaxe e deseño editorial: Juan Manuel Escribano Loza



ASOCIACIÓN
INTERNACIONAL
DE ESTUDOS GALEGOS

Apoios:

CINQ.
CENTRO DE INVESTIGAÇÃO
EM ARTES E COMUNICAÇÃO

fct
Fundação
para a Ciência
e a Tecnologia